



Acta da Comisión Permanente do día 15 de maio de 2015

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/05/2015.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/05/2015.
- III. Títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira aprobados nesta Comisión Permanente.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e actúa como Secretaria a Subdirectora Dona Carmen Pérez Pérez.

Trátanse os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 24 de abril de 2015.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria de 24 de abril de 2015.

2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.

Ao non terse presentado ningunha solicitude pásase ao seguinte punto na orde do día.

3. Aprobación, se procede, de títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira e Traballos Fin de Grao.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, os títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira que se relacionan no anexo III.

Así mesmo, a Comisión aproba os Títulos de Traballos Fin de Grao que se relacionan a continuación:

ALUMNO/A	DIRECTOR	TÍTULO
	Don Pablo Eguía Oller Don Enrique Granada Álvarez	“Análisis energético y acondicionamiento de centro educativo mediante software de simulación dinámica” / “Energy analysis and efficient design of a school by dynamic simulation software”



ALUMMNO/A	DIRECTOR	TÍTULO
	Dona Julia Cristóbal Ortega	“Estudio preliminar de la aplicabilidad de la técnica de FSP (friction stir processing) para la incorporación de partículas cerámicas de SiC en la superficie de la aleación AA2024 – T351, generando un composite superficial” / “Preliminary study of the applicability of FSP technique to introduce SiC ceramic particles into AA2024 – T351 alloy surface, to generate a surface composite”
	Don David Patiño Vilas	“Estudio experimental de un prototipo de precipitador electrostático” / “Experimental study of an electrostatic precipitator prototype”

4. Aprobación, se procede, da validación de cursos/actividades/outras solicitudes por créditos de libre elección e outros recoñecementos.

A Comisión Permanente acorda desestimar a solicitude de recoñecemento dun nivel IELTS por non estar contemplado na normativa, xa que o artigo 7.3 do “Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias, culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación”, aprobado no Consello de Goberno de 12-02-2014, so contempla a posibilidade de recoñecemento de créditos por asistencia a cursos de idiomas e non por acreditación de niveis.

5. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc...

Ao non terse presentado ningunha solicitude pásase ao seguinte punto na orde do día.

6. Rogos e preguntas.

Intervén Carmen Pérez para informar sobre a convocatoria dunha reunión o 25 de maio coa finalidade de dar a coñecer o novo procedemento previo á defensa dos TFG.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 14 minutos do día de hoxe, do que como secretaria dou fe en Vigo, quince de maio de dous mil quince.

Vº e prace
O Presidente

A Secretaria
(Por suplencia)

José Benito Vázquez Dorrió

Carmen Pérez Pérez



ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 15/05/2015



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 15/05/2015

**Asistentes á Comisión Permanente do
15 de maio de 2015****Presidente da Comisión**

José Benito Vázquez Dorrío

Subdirector/a

Carmen Pérez Pérez

Profesorado

Ángeles Saavedra González

Fernando García Bastante

Teresa Rivas Brea

Alumnado

Rosalía Carrillo Pérez

Jaime García Iglesias

Diego Faro Malvar

PASM^a Carmen Romo Pérez

Escusan a súa asistencia:

- Marta Cabeza Simó
- Elena Alonso Prieto
- María Araújo Fernández



ANEXO III

Títulos e tribunais de Proxectos Fin de Carreira aprobados nesta Comisión Permanente



Rúa Maxwell
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>
xnaxm@uvigo.es
